



Roj: **STSJ GAL 2728/2022 - ECLI:ES:TSJGAL:2022:2728**

Id Cendoj: **15030330032022100130**

Órgano: **Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Contencioso**

Sede: **Coruña (A)**

Sección: **3**

Fecha: **01/04/2022**

Nº de Recurso: **7011/2022**

Nº de Resolución: **122/2022**

Procedimiento: **Recurso de apelación**

Ponente: **LUIS VILLARES NAVEIRA**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

**T.S.X. GALICIA CON/AD SEC.3**

**A CORUÑA**

**SENTENCIA: 00122/2022**

**PONENTE: D. LUIS VILLARES NAVEIRA**

**RECURSO: RECURSO DE APELACION 7011/2022**

**APELANTE: NATURGY RENOVABLES SLU**

Procurador: JESUS FELIPE LONGARELA ACUÑA

Letrado: JOSE MARIA SANCHEZ MANTILLA

**APELADO: CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)**

Procurador: MARIA ANGELA MOREIRAS IGLESIAS

Letrado: MIGUEL RIVERA RODRIGUEZ

A Sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de **Galicia** pronunciou a

**SENTENZA**

**Presidente:**

Francisco Javier Cambón García

**Maxistrados :**

Juan Carlos Fernández López

Luís Villares Naveira (Relator)

A Coruña, 1 de abril de 2022

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Único-. Resolución xudicial impugnada. Posicións das partes.**

A parte apelante presenta un recurso ante a Sala, que é aquendado a esta Sección, sendo designado Maxistrado Relator Luís Villares Naveira.

É obxecto de impugnación a Sentenza nº 181/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo, pola que se confirma a resolución da Alcaldía do Concello de Castroverde de data 18/12/2020, ditada no Expediente nº 164/2020, pola que se acorda rexeitar integramente o recurso de reposición contra a liquidación da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos, aprobada pola Xunta de Goberno en sesión de 2/9/2020.



Os argumentos en que a parte apelante fundamenta a súa pretensión son os seguintes:

a) Falta de realización do feito impositivo da Taxa de Actividade. Carácter confiscatorio da taxa. A actividade iniciada pola apelante non está suxeita a licenza, senón a **comunicación** previa, e en consecuencia non require unha actividade administrativa de investigación que xustificaría o nacemento da obriga tributaria, en contra do que di a sentenza que a **comunicación** previa é o feito impositivo. Isto é o que require o art. 20.4. TRLFL. A actividade está exenta de licenza municipal segundo a DA 4ª Dlex. 1/2015. Considera que no momento da **comunicación** previa non existe actividade de control no sentido esixido pola propia Ordenanza, porque para iso debería ter unha regulación específica e non unha simple referencia vaga e imprecisa á función de control. En calquera caso, non hai feito impositivo porque a Ordenanza refírese á declaración responsable pero non á **comunicación** previa, que na LPACAP teñen réximes diferentes.

b) Incorrecta determinación da base impositiva. Os criterios manexados son subxectivos e arbitrarios.

a) Sobre a aplicación do coeficiente Corrector de local, hai unha incorrecta asimilación de parque eólico a local/ establecemento, por unha interpretación arbitraria que deste concepto consta no art. 1.3. da Ordenanza. Este artigo reproduce a Regra 6ª.1. do RD 1175/1990, pero esquece a sentenza que a propia regra exceptiona da condición de locais ás centrais de produción de enerxía eléctrica no seu apartado c) e tamén na Regra 5.2.B; finalmente a Regra 14ª.1.F. tampouco resulta de aplicación no relativo á superficie dos locais, porque remite á Regra 6ª.A.c). En consecuencia non resulta aplicable o coeficiente corrector de "local" pola ausencia de tal consideración do parque eólico.

b) Respecto da aplicación do Epígrafe 151.5. relativo ao transporte e distribución de enerxía, non procede aplicalo porque a actividade de control proxectarase no seu caso sobre a actividade de produción de enerxía eléctrica. O epígrafe que debeu incluírse foi o 151.4. e non o 5. Que a empresa teña tamén no seu obxecto a distribución e transporte de enerxía non implica que se deba aplicar o epígrafe, porque o comunicado e sometido a control é a central de produción de enerxía en si.

c) Verbo da porcentaxe aplicada do 200% da base impositiva, é incorrecta porque se refire exclusivamente ás "declaracións responsables" e non ás comunicacións **previas** coma esta.

d) Inobservase co montante avultado da taxa o principio de equivalencia, xa que a actividade da arquitecta municipal en modo ningún realizou actividades de control que se acheguen a esa cantidade esixida.

A parte apelada oponse ás pretensións impugnatorias polos seguintes motivos:

a) Existe feito impositivo porque a apelante, tal como razoa a sentenza de instancia, ten a obriga de presentar a **comunicación** previa ao abeiro do Decreto 144/2016 e a Lei 9/2013, e a Ordenanza recolle o contido do art. 20.1.4 TRLFL, e isto implica o exercizo da potestade de control e vixilancia non só no momento da presentación senón durante toda a vida de funcionamento da central. A DA 4ª do Dlex 1/2015 inclúe no seu apartado 2 a obrigatoriedade de presentar a **comunicación** previa. Estas obrigas son recordadas na propia autorización de instalación do Parque, que se produce sen prexuízo das autorizacións, licenzas ou permisos de carácter municipal a que haxa lugar. É incoherente soste un deber de presentar **comunicación** previa e logo non aboar as taxas correspondentes.

b) A alegación de que a **comunicación** previa e a declaración responsable son actos xurídicos diferenciados non foi formulado na instancia, e por iso non se pronuncia a sentenza. En calquera caso, os actos son equivalentes e ambos xeran obriga de control posterior como indica o art. 1.2. da Ordenanza. Ambas teñen igual réxime tamén de control posterior, que é o que xustifica a exacción da taxa, no art. 69.3. LPACAP.

c) Sobre a aplicabilidade do coeficiente corrector de local, a sentenza de instancia entende correctamente que hai que aplicar o concepto que prevé a propia Ordenanza no art. 1.3. e art. 5.3. No caso de autos é de aplicación a Ordenanza e non é de aplicación o Rdlex 1175/1990. A maiores, debe considerarse que se recoñece a existencia dun edificio independente que é o centro de control do Parque, autorizado conforme con licenza independente e superficie en planta de 243m2., e que debe considerarse local permanente. O propio parque, con seis aeroxeradores abrangue 2019,24 m2. As sentenzas invocadas que interpretan o concepto de local refírense a temas alleos ao aquí tratado.

d) Procedente aplicación do epígrafe 151.5. e palmaria desviación procesual. Na sentenza de instancia xa se recolle a existencia de desviación procesual, por non ser formulada a petición en vía administrativa, aínda que logo se pronuncie para maior abastanza para rexeitalo sobre o fondo. Reclámase a inadmisión do motivo por desviación procesual e subsidiariamente, coa sentenza de instancia, o rexeitamento no fondo, porque o Parque eólico é un dos centros de produción de enerxía que posteriormente se comercializa e vende tras o seu transporte, algo tamén avalado pola Dirección Xeral de Tributos na Resolución 5/2018.



e) sobre a porcentaxe aplicada do 200% da base imponible, existe desviación procesual ao non ter sido nin sequera formulado na primeira instancia xudicial.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro. Sobre a existencia de desviación procesual nas pretensións impugnatorias da apelación.

Debemos comezar por referirnos aos dous motivos de desviación procesual formulados polo Concello apelado que determinarían que non fosen tratados en relación á análise de fondo da sentenza que se somete a crítica.

Nos dous casos, a Sala aprecia que concorre desviación procesual e polo tanto os motivos non deben ser admitidos.

No que fai á correcta aplicación do epígrafe 151.5. do IAE e a súa substitución polo seu apartado 4, a propia sentenza de instancia (FX 3º, apartado II) reconece que incorre en desviación procesual a pretensión actora, aínda que logo argumenta sobre o fondo para desestimar para o caseo de que " *se entendese que a pretensión aquí formulada está vinculada coa pretensión principal*". A Sala non comparte este criterio, que entende que foi realizado para maior abastanza, é dicir, de forma subsidiaria, por se no caso de recurso se considerase que era acorde a dereito acoller o motivo como admisible e pronunciarse sobre o fondo. Entendemos, pola contra, que a agora apelante introduce con ocasión do recurso contencioso unha pretensión nova e que non se desprende de forma necesaria da pretensión formulada na vía administrativa, porque introduce unha asignación de regras de cálculo diferentes que obedecen á variación dos elementos normativos que foron empregados para a cuantificación da taxa e polo tanto é unha verdadeira desviación procesual que non debe ser admitida no procedemento contencioso administrativo.

Neste sentido confirma esta postura a cita xurisprudencial invocada polo demandante, STS, nº 358/2021, de 15 de marzo de 2021 ( ROJ: STS 1162/2021 - ECLI:ES:TS:2021:1162 Recurso: 7/2020), que lembra no FX 3º que " *Apréciase, por tanto, a concorrencia dunha desviación, fundada na falta de correspondencia substancial, pola introdución, agora, de pretensións non formuladas na vía administrativa. Tendo en conta que a formulación de pretensións novas, alleas ao suscitado na vía previa e non conectadas co alí suscitado, tendo en conta que cada pregunta ten a súa propia e específica substantividade, constitúe un defecto insubsanable que afecta o obxecto do recurso contencioso-administrativo, dentro do que se exercitan as pretensións da parte recorrente e a decisión do órgano xurisdiccional*".

Se isto é así, con maior razón debemos acordar a existencia de desviación procesual e por tanto non considerar o argumento relativo á porcentaxe aplicada do 200% da base imponible, que no propio escrito de apelación parece invocar polo simple feito de que na súa opinión a interpretación literalista da Ordenanza pola sentenza debe levar, en consecuencia, a excluír a aplicación dese apartado da norma. Tal alegación con ocasión da apelación non vén ancorada nin nun pronunciamento da instancia, nin na súa omisión, pola sinxela razón apuntada pola actora de que non foi formulado na vía administrativa nin sequera con ocasión da presentación do contencioso (que tería sido tamén desviación procesual, como a declarada a respecto da análise do epígrafe 151.5. do IAE).

Estes motivos impugnatorios deben ser pois rexeitados de plano.

### Segundo. Sobre a realización do feito imponible da taxa.

O primeiro argumento impugnatorio da apelante é a falta de realización do feito imponible da Taxa de Actividade, que rexeita por estar suxeito a **comunicación** previa, sen que isto motive actividade ningunha da administración.

A Sala non comparte a tese da apelante, pois a Sentenza de instancia xustifica oportunamente cal é o feito imponible e cal é a súa ancoraxe normativa.

Así, dunha banda podemos enmarcar claramente o feito imponible na base legal determinada

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL) cuxo art. 20 indica, baixo o título de "feito imponible"

"1. *As entidades locais, nos termos previstos nesta lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a **realización de actividades administrativas de competencia local** que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.*



4. Conforme ao previsto no apartado 1 anterior, as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

i) *Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou **comunicación** previa ."*

A simple lectura do precepto bota por terra a tese da apelante de que unha **comunicación** previa non pode integrar o suposto de feito do "feito impositivo" descrito pola norma para o establecemento dunha taxa.

Pola súa banda, a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos (BOP Lugo nº 120, de 21/3/2011) incorpora este precepto no seu art. 1.1. que significativamente comeza dicindo: "1 . *De conformidade con canto se establece polo artigo 20.4.i) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , (...) constitúe o feito impositivo a prestación da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar si a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, urbanística e medioambiental que resulte aplicable en cada momento, a calquera establecemento con actividade: agropecuaria, industrial, comercial, profesional, de servizos e espectáculo público ou de actividade recreativa, así como as súas modificacións, ao obxecto de procurar que os mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medio ambientais, acústicas e calquera outras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84.ter da Lei 7/85, de 2 de abril , reguladora das Bases do Réxime Local."*

Posteriormente, faise indicación de que " 2. *Estarán suxeitos a esta Taxa todas os supostos nos que, de acordo coa normativa vixente, resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza, ou no seu caso a realización da actividade de inspección, verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo e, entre outras, os seguintes: a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade agropecuaria, industrial, comercial, profesional ou de servizos, en réxime de declaración responsable. "*

Como se ve, o feito impositivo está constituído polo deber de control e comprobación proxectados sobre as actividades que se declaran na **comunicación** previa, que é unha das modalidades (xunto coa declaración responsable) verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos legalmente esixidos (contraposto ao mecanismo de comprobación previa das licenzas).

Basea tamén a súa posición a apelante no Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de **Galicia** en materia de política industrial, pero unha lectura completa do precepto descarta tamén a tese proposta. Vexamos:

*"Disposición adicional cuarta. Actos que non precisan de licenza municipal.*

*1. Están exentos de actividade ou funcionamento e de licenza urbanística os actos de uso do chan ou do subsolo incluídos nas resolucións de outorgamento de dereitos mineiros e nos proxectos ou instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica ou de gas para cuxa autorización ou concesión sexa competente a Xunta de **Galicia**, cando no procedemento de autorización ou no da súa avaliación ambiental estea previsto o trámite de audiencia ao concello ou informe municipal e o proxecto ou instalación sexan compatibles co plan e a normativa urbanísticos.*

*2. En tales casos, obtida a autorización ou concesión, a persoa titular da instalación ou concesión presentará a **comunicación** previa prevista na normativa urbanística e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de **Galicia**."*

Sostén a apelante acertadamente que o seu inicio de actividade está exento de licenza municipal, algo que non pon en dúbida a sentenza nin a parte contraria. Pero da lectura do parágrafo 2 advírtese que si existe obriga de sometemento a **comunicación** previa, que constitúe feito impositivo segundo o TRLFL e a Ordenanza de Castroverde.

Por outra parte, a presentación de **comunicación** previa do inicio de actividade é unha obriga para a empresa apelante, que ademais xera obrigas a cargo da administración destinataria, que son as que xustifican o establecemento do feito impositivo.

Así, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos establece no seu art. 15 un procedemento de verificación unha vez que se presenta, que se completa co art. 16 que sinala que " 1. *Ademais do previsto no*



artigo anterior, o concello pode realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación."

Ademais, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia sinala no seu art. 23 que " 2. Os concellos velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades", engadindo no art. 25, baixo o título de Efectos da **comunicación** previa que " 2. Os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de **comunicación** necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade e o seu control posterior."

De toda a normativa, correctamente analizada pola sentenza de instancia, conclúese a existencia do feito imponible, que non desaparece polo feito de que se introduza na vía de apelación a tese de que **comunicación** previa e declaración responsable son institucións diferentes e a Ordenanza só se refire á segunda e non á primeira. E non se pode admitir en primeiro lugar porque a invocación do art. 20.4.i) TRLFL á hora de determinar o feito imponible é clara, e este inclúe expresamente as dúas modalidades; en segundo lugar, porque os feitos que integran o feito imponible descríbense e desenvólvense como actos sometidos a control e verificación posterior, o que inclúe tanto a declaración como a **comunicación**; e finalmente porque o art. 69.3. LPACAP anoa a ambas, para o que aquí importa, os mesmos efectos, tanto atribuíndo dereitos á interesada como facultades e deberes á administración: " As declaracións responsables e as comunicacións permitirán o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as administracións públicas .".

En consecuencia, que na Ordenanza non se cite a **comunicación** previa e si a declaración responsable non constitúe unha infracción do principio de tipicidade á hora do establecemento do feito imponible tributario, xa que ambas son modalidades equivalentes deseñadas pola norma que teñen en común atribuír sen necesidade de licenza previa o exercizo da actividade e que ambas esixen con posterioridade, que é o que aquí interesa por encher de contido o feito imponible, actuacións de comprobación, control e inspección por parte da administración, sen prexuízo de que este último argumento da diferenciación entre unha institución e outra fose introducido con ocasión da apelación, o que en puridade constitúe de seu unha infracción procesual que determinaría a súa non consideración de plano.

O motivo impugnatorio debe ser rexeitado.

### **Terceiro. Sobre a correcta liquidación da taxa.**

Sostén a apelante que a sentenza erra ao considerar inaplicable o RD 1175/1990 porque a Ordenanza xa contén unha definición de local para os efectos da aplicación da taxa, e non é necesario acudir a esoutra norma estatal, cando en realidade o art. 1.3. da Ordenanza fai unha cita parcial da Regra 6ª dese mesmo RD que lido na súa integridade exclúe as centrais de produción de enerxía eléctrica.

Entende a Sala que a sentenza de instancia erra neste punto. En efecto, a Ordenanza non pode prescindir do principio de xerarquía normativa e das normas que informan a regulación legal dos impostos e taxas que poden establecer as corporacións locais, como tampouco pode ignorar as disposicións regulamentarias ditadas polo Goberno do Estado para desenvolver algúns dos conceptos nucleares do TRLFL. Isto é o que sucede co concepto de "local" e así o recoñeceu, entre outras, a STS de 27 de maio de 2002 ( ROJ: STS 3748/2002 - ECLI:ES:TS:2002:3748 Recurso: 1513/1997), no seu FX 3º ao analizar a facultade do goberno para desenvolver este concepto nuclear recollido na Lei á hora de determinar os elementos que comporán as diferentes figuras tributarias alí contempladas.

No caso de autos, é a propia Ordenanza de Castroverde quen se remite no art. 4, rubricado Base imponible ao IAE, cando refire que " Constitúe a base imponible da taxa o importe das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, segundo o tipo de actividade". Pois ben, esta remisión non admite unha escolla que permita ofrecer por medio da Ordenanza un concepto autónomo de "local" á marxe da normativa estatal de desenvolvemento deste concepto enunciado na Lei, evitando as exclusións ou precisións que alí recollan, senón que cómpre neste caso integrala e completala para unha correcta interpretación do concepto. E da mesma maneira que se acode ao Real Decreto Lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto sobre Actividades Económicas para os efectos de determinar o epígrafe aplicable en función do tipo de actividade desenvolvida, ha de selo para a determinación da existencia de local en sentido técnico-legal segundo a definición ofrecida na Regra 6ª, que co título de *Concepto de local no que se exercen as actividades*, indica:



"1. Para os efectos do Imposto sobre Actividades Económicas, considéranse locais as edificacións, construcións e instalacións, así como as superficies, cubertas ou sen cubrir, abertas ou non ao público, que se utilicen para calquera actividades empresariais ou profesionais.

**Non teñen, con todo, a consideración de locais a efectos deste Imposto :**

c) As centrais de produción de enerxía eléctrica.

En consecuencia, as instalacións especificadas nas letras anteriores, non se considerarán a efectos do elemento tributario de superficie regulado na Regra 14.1. F) da presente instrución, nin tampouco a efectos do índice previsto no artigo 89 da Lei 39/1988, do 28 de decembro."

Esta posición é asumida tamén por esta Sala na STSXG de 31 de marzo de 2004 ( ROJ: STSJ GAL 2399/2004 - ECLI:ES:TSJGAL:2004:2399 Recurso: 8167/2000), en cuxo FX 5º indicamos que " Sendo iso así, xa se conclúe que o Concello demandado se extralimitou no exercicio das potestades que tiña atribuídas polos seus títulos competenciais en materia de IAE, pois aplicou nas liquidacións impugnadas o índice de situación ignorando a normativa que disciplinaba a exacción do Imposto, que claramente revelaba a imposibilidade de considerar o local, e por tanto, a súa superficie, como elemento ou compoñente da cota tributaria".

En consecuencia, non procede a aplicación no cálculo da taxa da previsión contida no art. 5.3. da Ordenanza: " Coeficientes de incremento pola superficie do local: Aquelas actividades que se desenvolvan nun establecemento permanente tributarán pola tarifa básica incrementada pola aplicación dos seguintes coeficientes:". O Concello tiña que ter aplicado neste punto a tarifa básica, sen ningún coeficiente de incremento.

O recurso debe ser acollido neste punto.

**Cuarto. Sobre o carácter confiscatorio da taxa.**

A apelante enuncia dentro do primeiro motivo o que denomina "o carácter confiscatorio da taxa" pero logo non o desenvolve. Ao final do recurso, no entanto, fai unha alegación relativa á infracción do principio de equivalencia, por entender que non existe correlación entre a actividade que desenvolve a administración de inspección e control e o montante da taxa aboada.

Ambas alegacións deben ser descartadas por desviación procesual, ao constituíren motivos impugnatorios que non aparecen formulados na demanda e sobre os que a sentenza de instancia non tivo ocasión de pronunciarse.

**Quinto. Consecuencias da aplicación do razoamento exposto nesta resolución.**

A argumentación exposta no fundamento xurídico debe conducir ao acollemento parcial das pretensións da parte apelante, e proceder así este tribunal a declarar a desconformidade a dereito da resolución obxecto de recurso e, en consecuencia, a anulala ( art. 71.1.a LXCA).

No seu lugar, recoñecemos o dereito da interesada a obter unha nova liquidación da taxa que non aplique ningún coeficiente de incremento por superficie do local, e ao mesmo tempo condenamos ao Concello de Castroverde á adopción das medidas que sexan necesarias para o restablecemento da situación subxectiva recoñecida ( artigos 71.1.a e b LXCA).

**Sexto. Sobre as custas do procedemento.**

De conformidade co establecido no artigo 139.2. da LXCA, o acollemento parcial das pretensións da parte apelante determina a non imposición das custas devindicadas a ningunha das partes litigantes.

Logo de ver os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este Tribunal dita a seguinte

## DECISIÓN

Que, con **acollemento parcial** do presente recurso de Apelación nº 7011/2022 interposto contra a Sentenza nº 181/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo, debemos:

**Primeiro:** declarar a desconformidade a dereito da resolución obxecto de recurso que, en consecuencia, anulamos.

**Segundo:** recoñecer o dereito da recorrente a obter unha nova liquidación da taxa que non aplique ningún coeficiente de incremento por superficie do local, e ao mesmo tempo condenar ao Concello de Castroverde á adopción das medidas que sexan necesarias para o restablecemento da situación subxectiva recoñecida

**Terceiro:** Non facer expresa imposición das custas causadas no procedemento.



**Réxime de recursos:** Contra esta sentenza cabe **recurso de casación ordinario** nos termos establecidos no art. 86 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dentro do prazo de trinta días computados dende o seguinte á súa notificación, que se preparará ante esta Sala, a medio de escrito presentado cos requisitos indicados no art. 89.

**Depósito para recorrer:** Para admitir a trámite o recurso, ao interpoñer deberá constituírse na conta de depósito e consignacións deste Tribunal, a cantidade á que se refire a Disposición Adicional décimo quinta da Lei Orgánica 1/2009 do 3 de novembro (BOE núm. 266 de 4/11/09), e, no seu momento, devólvase o expediente administrativo á súa procedencia, con certificación desta resolución.

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.

FONDO DOCUMENTAL CENDOJ